


XENTE de VIENA

Ramiro Fonte



TORELLÓ

A lección foi primeiramente aprendida nun fermoso libro de Janik e Toulmin sobre o filósofo L. Wittgenstein. Nese, alén da análise dos lindeiros da linguaxe e da realidade, tecíase o rumbo das xeracións que, como se fosen pontes sobre o río Danubio, vencellaban o século XIX co XX; a época que derrubaba os sinais do Vello Imperio coa da funcional modernidade dos edificios de Loos. Agora sei que é imposible falar daquel tempo que un no ten, nin sequera, cronoloxizado, sen que acudan á mente, é dicir, á páxina, unha cantidade de nomes que representan os mitos cotiáns de moitos de nós. De todos os que esconden o rostro baixo a solapa da modernidade. Dos que procuran un lugar de silencio, que algo disto ten que ver co que pensaba o autor do Tractatus. Dos que se aventuran polo difícil camiño da literatura ou das artes. En definitiva, trátase das referencias e dos actos dos literatos, músicos, pintores, filósofos que conforman un cadro nítido, de transparente estatura, non sometido á color apaixonada, deformante e inflamada doutro ilustre vienés que foi Oskar Kokoschka.



Exposición "Viena 1880 - 1938". Centro Georges Pompidou, París, febreiro-maio, 1986.

Celebrada Viena e renunciada Kakania; quen repase estes rostros que, desde as cuadrículas dun mural múltiple nos contemplan coma unha ameaza de boa parte dos maiores pensadores do século, ten aquí o xesto das súas mellores xentes. A Viena que deixa unha guerra pra entrar noutra é unha especie de xudería ilustre. De Hermann Broch a Elías Canetti. De Arnol Schönberg a Alban Berg. A música de Viena desfaciase entón da cousa cortesana do vals. A literatura alemá debería de pasar, dunha vez por todas, polos designios da cidade.

¡Canto lle debemos a aquela Viena! ¿E esta, quizais, a única das cidades de Mitteleuropa que permanecen no noso corazón? Sabemos que Milos Forman tivo que procura-la forma da cidade perdida na calexa e nos palacios de Praga. Algún paseaba para poder estable-lo diálogo das conversas pródigas. Quizais aquilo que aprenderamos nun dos máis amenos libros sobre filósofos, deu paso á segunda visión de Viena que debe permanecer connosco. Esta débese, sen dúbida algunha, á terceira parte da autobiografía de Elías Canetti, titulada *O xogo de ollos*. Nela cobran vida alguén destes homes xa enunciados.

Agora que o aforismo é moeda de uso corrente e ousado, botemos man dalgún dos prodixiosos aforismos do escritor sefardí, xa que el mesmo foi discípulo dun grande cultivador deste xénero esquivo, dun grande vienés —Karl Kraus— do que se conta que a xente chegaba a paga-la entrada nun teatro por lle escoita-las súas sucesivas conferencias ou o seu drama titulado *Os derradeiros días da humanidade*. Canetti asiste, por vez primeira, a escoitar a Kraus na lectura 300. Pero estábamos con este último autor, coa súa sabiduría aforística herdada, en certa medida do outro. "As cidades morre, os homes introdúcense máis aínda dentro da terra". Pero non llelo apliquemos, polo de agora, a aquela que merece estas nosas reflexións. Falabamos da visións dos ilustres vienes que aparecen en *O xogo de ollos*. De Broch di que era un home que respiraba. De Alma Mahler, á que non deixa moi ben librada, que era unha intrigante muller que adornaba os seus salóns co talento alleo. De Musil certa vanidade que nunca perdonou ó autor que lle mencionase o nome de Thomas Mann. Do admirado Karl Kraus que, alén da súa reciume intelectual, facía particións culturais co mesmísimo Bertold Brecht.

Volveremos a Wittgenstein, que era un vienés britanizado. É

ben coñecida a súa máxima de que "do que non se pode falar, o mellor é ficar calado". Pero, a pesar de todo, o que o filósofo estaba recabando era un lugar para o silencio. O silencio como enunciado posible. Deste debe quedarnos tamén a fermosa posición da escaleira, que nos volve a dicir que o aforismo é labor moi difícil, ademais de falarnos de certa renuncia á que debe estar, en todo momento, disposta a actividade intelectual.

Si, os límites da razón son os da linguaxe e había que poñela linguaxe a cuarentena filosófica. Pero era o idioma alemán o que medraba na súa capacidade para nomear tódalas cousas, para muda-lo paradigma de tódalas literaturas. Diciáo Broch referido ó seu alegórico Virxilio: "Pai meu, décheslle nome ás cousas, están no teu poema". Tratábase, a pesar das apariencias, da lingua alemá e non do latín; desa mesma lingua da que Canetti di nos seus diarios unhas das máis fermosas palabras que deben servir, tamén, para ama-la lingua nosa. "Hoxe, co afundimento de Alemaña, todo isto mudou para el. A xente de alí vai saír moi axiña en busca da lingua que lles roubaron e derformaron. O que nos tempos de extrema enaxenación a mantivera pura, terá que abandonala. É certo que segue vivindo para todos nós e que tera que vivir sempre só, responsable de si mesmo como instancia suprema: pero agora débelle os alemáns a súa lingua; mantivoa limpa, pero agora terá que se marchar con ela, con amor e gratitude, con intereses e intereses de todos".

Por suposto que o telón de fondo destas palabras era a Segunda Guerra. A súa fermosa clave pode estar naquel perseguido que comparte, pero tamén ama e escribe, a lingua do seu perseguidor. Daquelles tempos quedóuno-la primeira imaxe sentimental de Viena. Tratábase dunha famosa película que representa unha moi importante encrucillada interxenérica; fiel reflexo, polo mais, destes apuntes que escribimos. Tiña o son dunhas pegadas na inmensidade mollada dunha praza baleira; o miñar dun gato e os sinais dunha despedida no xardín. Era *O terceiro home*, capítulo expresionista de ingleses e americanos. Mistura de novela negra e crónica social. Os que contemplaban a cidade eran —cómo nón— Orson Welles e Graham Green, principalmente. Xiraba entón a Roda da Fortuna do Pratter. Viena, corazón vulnerado de Europa, estaba dividida. Pero o que é peor, desgarrada.